

TEMA 9: O ESPAZO HUMANO MUNDIAL



“Canta poboación hai no mundo? Sempre houbo a mesma poboación?
Que pasará no futuro? aumentará? Diminuirá?

Repártese a poboación por igual pola superficie terrestre? Que zonas
son as máis poboadas? E as menos?

Que continentes son os que teñen máis poboación? E os menos? Que países son os que
posúen o maior número de poboación? E os que menos?

Cales son os países máis
poboados? É o mesmo ser o
lugar máis poboado que ter
a maior poboación?”

“A **demografía*** estudia as
poboacións humanas tanto na
súa composición, na súa
distribución no espazo ou na
súa evolución.”





No ano 2011 a poboación mundial acadou os 7.000 millóns de habitantes. Ao longo do ano 2020 chegamos aos 7.800.124.000 millóns, e para o ano 2024 espérase que superemos os 8000 millóns. Cada segundo morren dúas persoas, mais son catro os bebés que nacen, polo que, ao ritmo actual, a poboación mundial **duplícense cada 50 anos**.

Porén, a poboación non sempre creceu a esta velocidade. No ano 1 calcúlase que había no mundo algo menos de 200 millóns de persoas e duplicarse levoulle case 1500 anos. A realidade é que até o século XVIII a poboación medraba moi lentamente.

Non era raro que as familias tivesen seis ou sete fillos, ou incluso máis de dez. Porén, pouco máis da metade dos nenos chegaban aos quince anos de vida. Desta maneira, a elevada mortalidade compensaba a natalidade.

Durante o **século XX** produciuse a **explosión demográfica**: a poboación multiplicouse por catro nesas cen anos. Foi entón cando moitos expertos comezaron a falar de que o noso mundo podería ter un problema de **superpoboación**.







A ONU prevé que a **finals do século XXI** haberá poucos máis nacementos que mortes. Para entón, espérase que a poboación se estanque arredor dos 11 000 millóns de persoas.

Con todo, esta poboación mundial non se reparte do mesmo xeito pola superficie terrestre. Hai zonas con moitísima poboación e outras onde apenas vive xente.

Por iso é importante o termo de **densidade de poboación***, que fai referencia á cantidade de poboación que hai nunha superficie determinada e que se expresa en habitantes por quilómetro cadrado: nº habitantes/superficie en Km² que dispoñen (hab/Km²).



"Poderías indicar os cales son lugares do mundo onde se concentra a poboación?"



Cales son os motivos (**factores da distribución**)? Pois se debe a factores físicos e humanos. **Físicos** como o relevo chaira, o clima temperado, a proximidade ao mar, preto de fontes de auga doce e solos fértiles ou recursos minerais ou enerxéticos. **Humanos** como a antigüidade do poboamento, as decisións políticas (guerras, fronteiras...) ou as económicas (onde hai máis riqueza agrícola, industrial, enerxética ou comercial).

OS MOVEMENTOS DA POBOACIÓN

Os **movementos da poboación*** son as variacións do número de efectivos que sofre unha poboación. Estes poden ser por causas naturais ou ben por migracións.

I. MOVEMENTOS NATURAIS*

Son as variacións que sofre unha poboación por causas naturais. Comprende a natalidade e a mortalidade. A diferenza entre ámbalas dúas chámase crecemento natural ou vexetativo.

A. INDICADORES

NATALIDADE*

É o número de nacementos que se produciron nunha poboación nun ano. Para calcular a súa **taxa** (porcentaxe) rexístranse os nacementos que se produciron dito ano, divídese entre a poboación total desa poboación e multiplícase por 1000:

$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de nacementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000 = \text{‰}$$

MORTALIDADE*

É o número de falecementos que se produciron nunha poboación nun ano. Para calcular a súa **taxa** rexístranse os falecementos que se produciron dito ano, divídese entre a poboación total desa poboación e multiplícase por 1000:

$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de falecementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000 = \text{‰}$$

Outra taxa moi empregada é a **taxa de mortalidade infantil**:

$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de nenos } < \text{1 ano falecidos}}{\text{n}^\circ \text{ de nenos nacidos ese ano}} \times 1000 = \text{‰}$$

CRECEMENTO NATURAL OU VEXETATIVO*

É a diferenza entre os nacementos e os falecementos que se produciron nunha poboación nun determinado ano: natalidade-mortalidade. A taxa de crecemento calcúlase restando á taxa de natalidade a de mortalidade: taxa de natalidade-taxa de mortalidade:

$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de nacementos} - \text{n}^\circ \text{ de falecementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000 = \text{‰}$$

B. OUTROS INDICADORES

Esperanza de vida*: é un índice que mostra o número de anos de media que se espera que unha persoa pertencente a unha poboación determinada poda vivir. Para calculalo faise unha media das idades dos falecidos. Sirve para poñer de manifesto as condicións de vida desa poboación:

$$\frac{\text{Suma dos anos vividos polos membros dunha poboación}}{\text{Poboación total}}$$

Baixa: menos de 60 anos

Media: entre 60 e 70 anos

Alta: máis de 70 anos

NATALIDADE	
BAIXA	Menos do 20‰
MEDIA	Entre 20 e 30‰
ALTA	Máis do 30‰

MORTALIDADE	
BAIXA	Menos do 10‰
MEDIA	Entre 10 e 15‰
ALTA	Máis do 15‰

MORTALIDADE INFANTIL	
BAIXA	Menos do 25‰
MEDIA	Entre 25 e 50‰
ALTA	Máis do 50‰

CRECEMENTO	
BAIXO	Menos do 10‰
MEDIO	Entre 10 e 30‰
ALTO	Máis do 30‰

Na súa variación vai ter moita influencia a mortalidade infantil.


Índice de fecundidade*: é o número medio de fillos por muller en idade fértil (entre os 15 e os 50 anos). Podemos calculala coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de nacementos nun ano} \times 1000}{\text{n}^\circ \text{ mulleres entre 15 e 50 anos}} = \text{‰}$$

Baixa: menos de 2.1 fillos

Media: entre 2.1 e 3.5 fillos

Alta: máis de 3.5 fillos

<p>Pon no teu caderno as definicións e fórmulas sempre que proceda de:</p> <ul style="list-style-type: none">• <i>movemento de poboación</i>• <i>movementos naturais</i>• <i>natalidade</i>• <i>mortalidade</i>• <i>mortalidade infantil</i>• <i>crecemento natural</i>• <i>esperanza de vida</i>• <i>índice de fecundidade</i>	<p>Cos seguintes datos dunha poboación nun ano:</p> <ul style="list-style-type: none">• Poboación total: 1000• Natalidade: 32• Mortalidade: 25• Mortalidade ≤ 1 ano: 7  <p>Calcule:</p> <ul style="list-style-type: none">• Taxa de natalidade.• Taxa de mortalidade.• Mortalidade infantil.• Crecemento natural.
---	--

Cos distintos indicadores do movemento natural da poboación podemos construír tres **modelos demográficos** diferentes: o antigo ou tradicional, o de transición e o moderno.

C. MODELOS DEMOGRÁFICOS

Modelo demográfico antigo ou tradicional

É propio de poboacións cunha economía moi rudimentaria. Era propia da Europa anterior ao século XVIII e de todas as sociedades históricas. Na actualidade non hai ningún país que a posúa.

Características:

- **Natalidade**: tiña taxas de natalidade moi elevadas (sobre o 40‰).
- **Mortalidade**: as taxas de mortalidade tamén eran elevadas (variaban entre un 35-40‰).
- **Crecedemento** natural: a consecuencia disto foi que o crecedemento era moi baixo (sobre un 1‰).

Causas:

- A **natalidade** era elevada porque non se tomaban ningunha medida de control da natalidade. Tiñanse os fillos que nacían de xeito natural. Isto debíase fundamentalmente a alta mortalidade infantil e natural (habería que ter moitos fillos para que algúns puidesen chegar a adultos) e polo valor dos fillos (axudaban co seu traballo á economía familiar; axudaban a manter aos maiores).

- A **mortalidade** tamén era elevada, sobre todo a infantil. Isto era debido fundamentalmente ás crises de subsistencias (había máis xente que alimento dispoñible) o que provocaba fames entre a poboación; a fame debilita os corpos e os fai máis vulnerables ás enfermidades (pestes). Outra causa, a parte da escaseza de alimentos, era a falta de medidas hixiénicas (auga corrente, saneamento, limpeza) e médicas (ningún ou poucos avances médicos e sanitarios).
- O **crecemento**, polo tanto, era moi escaso. Alternaban períodos de crecemento (máis nacementos que falecementos) con outros de decrecemento (máis falecementos que nacementos). Cando aumentaba a poboación, chegaba un momento que non se producía alimento suficiente, polo que se provocaban fames.

Modelo demográfico de transición

É o modelo demográfico das poboacións que pasan do modelo antigo ao moderno. Consta de dúas fases: unha primeira onde baixa moito a mortalidade e outra onde baixa a natalidade; o resultado é un espectacular crecemento natural que se denominou "explosión demográfica" pola súa cantidade e rapidez. En Europa prodúcese ao longo do século XVIII e XX, dependendo dos países. En países menos desenvolto será no século XX. Na actualidade só uns poucos países do centro de África están na segunda fase.

Características:

1ª fase


- **Natalidade:** Mantense as altas taxas de natalidade do modelo anterior.
- **Mortalidade:** Descende moitísimo a mortalidade ata chegar a cifras entorno o 15‰.
- **Creceemento natural:** O resultado é un creceemento moi forte e rápido da poboación ("explosión demográfica").

2ª fase

- **Natalidade:** Baixa ao longo do período as súas taxas, por debaixo do 20‰.
- **Mortalidade:** sigue descendendo, pero a un ritmo máis lento (por debaixo do 10‰).
- **Creceemento natural:** modérase o creceemento, sigue crecendo pero a un ritmo máis lento.

Causas:

- A **natalidade** era elevada como no modelo anterior porque as causas aínda non mudaron. Na segunda fase, co o aumento da esperanza de vida e os cambios na forma de vida, as familias comezan a planificar o número de nacementos, polo que estes diminúen.
- A **mortalidade** foi o que máis mudou. O aumento



constante do alimento dispoñible permitía alimentar a unha poboación en constante crecemento, a mellora nos servizos hixiénicos (auga corrente, saneamento, hixiene persoal) e sanitarios (desenvolvemento da medicina moderna, asistencia médica, hospitais, vacinas...) permiten alongar a esperanza de vida.

- O **crecemento**, polo tanto, era moi alto. Na 1ª fase, o crecemento foi fortísimo ("explosión demográfica") pola caída da mortalidade. E na segunda fase, aínda que era alto o crecemento, xa era máis moderado debido á baixada da natalidade.

Modelo demográfico moderno

É o modelo de case todas as poboacións mundiais na actualidade.

Características:

- **Natalidade:** Ten unhas taxas baixísimas (sobre o 7‰).
- **Mortalidade:** Tamén son taxas moi baixas, aínda que nos países máis desenvolvidos están a aumentar na actualidade crecendo a un 11‰ aproximadamente, dependendo dos países.
- **Crecedemento natural:** Como consecuencia, o crecedemento é baixo (sobre o 1‰), pero en moitos países desenvolvidos ten valores negativos.

Causas:

- A **natalidade** é moi baixa porque nas sociedades modernas houbo moitos **cambios sociais**. Os fillos xa non son unha fonte de ingresos senón de gastos, e moita xente non quere perder o nivel de vida ou non pode manter un número determinado de fillos; a esperanza de vida alongouse moitísimo, polo que xa non é necesario ter moitos fillos para que sobreviva algún; o ingreso da muller no mercado laboral fai moi difícil conciliar a vida familiar co emprego; as parellas cada vez casan con máis idade limitando a idade fértil; os novos tipos de relación, o aumento da solteiría, etc. reducen moito a natalidade.
- A **mortalidade** tamén é moi baixa, sobre todo a infantil, debido aos avances médicos e científicos. Con todo, nas últimas décadas as taxas de mortalidade aumentaron nos países desenvolvidos debido ao envellecemento da poboación: ao haber máis xente ancián, aumenta o número de mortes.
- O **crecedemento**, polo tanto, é moi escaso, xa que as taxas de natalidade e mortalidade tamén son baixas. Inclusive, nos últimos tempos temos un crecedemento natural negativo en moitos países desenvolvidos, sobre todo de Europa.